

Memoria **xustificativa** e **económica** dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello de Mondoñedo** para a execución do proxecto denominado **Contratación de brigada para a realización de traballos urxentes de rexeneración ambiental**

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 23 de xuño), en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Mondoñedo un convenio para a execución do proxecto denominado Contratación de brigada para a realización de traballos urxentes de rexeneración ambiental.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 29 de decembro de 2022 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).



Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2013 00770 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco e, entre elas, o funcionamento e os traballos dos grupos ou brigadas municipais de emerxencias.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Mondoñedo o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Mondoñedo a execución do proxecto denominado Contratación de brigada para a realización de traballos urxentes de rexeneración ambiental.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Mondoñedo manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Contratación de brigada para a realización de traballos urxentes de rexeneración ambiental que ten por obxecto a contratación dunha brigada ambiental composta de tres traballadores, un condutor, un oficial de terceira e un peón, para a realización de traballos de limpeza de espazos públicos, canalización de augas, desbroce de cunetas e reconstrución de noiros e dun muro de escollera.

As intensas choivas dos últimos meses provocaron no concello de Mondoñedo importantes danos con graves consecuencias medioambientais, que afectaron principalmente a zona da Fraga Vella, LIC Serra do Sistral e a conca do Río Masma e afluentes, ambas incluídas na Rede Natura 2000.

A situación climática provocou o asolagamento de fincas, o arrastre de sedimentos e escombros que transportaban sustancias contaminantes que por filtración e a través dos ríos poderían ter afectado negativamente a calidade da auga de consumo humano de non ser pola rápida actuación desta brigada nas labores de limpeza e desbroce de cunetas.

Esta brigada tamén realizou traballos de reparación e reconstrución de noiros e muros de dique que coa forza das augas derrubáronse, provocando desprendementos, afectando a circulación das augas e a seguridade das infraestruturas próximas.

Esta situación fixo imprescindible a actuación inmediata dunha brigada medioambiental dedicada os traballos de rexeneración dos espazos degradados e reparación dos danos medioambientais ocasionados polos temporais

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Mondoñedo de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da



execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2013 00770 Fondo Compensación Ambiental. Convenios grupos emerxencias.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Mondoñedo.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de QUINE MIL EUROS (15.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 85,08 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 17.631,45€

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

7. Memoria económica (Instrución núm. 3 da IXCA)

Para os efectos do requirido na comprobación a) da Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto destas, este gasto ten natureza de investimento, e ten un orzamento total de 17.631,45€ tal e como se consigna no cadro 1.1. Cadro xeral incluído no anexo I da devandita instrución:

Cadro xeral 1.1 Orzamento desagregado por actividades e tipoloxía de gasto		
Descrición	Tipoloxía de gastos subvencionables	Importe
Gastos de persoal conductor (Salario base+ SS)	Persoal	6.491,37 €
Gastos persoal oficial de 3ª (Salario base+ SS)	Persoal	5.570,04 €
Gastos de persoal peón (Salario base+SS)	Persoal	5.570,04 €
Total gastos de persoal		17.631,45 €

O proxecto subvencionado inclúe gastos de persoal polo que procede a inclusión do cadro 1.2. Detalle cadro de persoal:



1.2 DETALLE CADRO DE PERSOAL

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	Total
Conductor parque móbil	9.733,12 €	11.195,66 €	8.015,72 €		28.944,50 €
Oficial de 3ª xardinaría	8.919,96 €	9.045,96 €	6.880,95 €		24.846,87 €
Peón brigada obras	8.919,96 €	9.045,96 €	6.880,95 €		24.846,87 €

Non se trata de gastos recorrentes nin o orzamento se referencia a prezos unitarios polo que non se inclúen o anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes nin anexo III – cálculo do orzamento con prezos unitarios.

Con respecto ao punto e) da instrución da Instrución núm. 4 da IXCA, insírense os datos requiridos no cadro do anexo IV – Modelo cadro de fitos e obxectivos:

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG	N/A	Convenio co Concello de Mondoñedo contratación de brigada ambiental	P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	1

Por último, para dar cumprimento ao requirimento da letra f) da instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincia	Entidade beneficiaria	Importe proposto para concesión
Lugo	1	15.000,00€
TOTAL	1	15.000,00€

8. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico E01, "Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO02, "Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe"



Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, conséntase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2013 00770 Fondo Compensación Ambiental. *Convenios grupos emerxencias*, é o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 55 entidades.

Estímase que, coa subscrición deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde co Concello de Mondoñedo, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	55	1

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
Documento asinado dixitalmente á marxe

